

NA ORIXE DAS ESPECIES

AS OUTRAS XENEALOXÍAS DA ARTE CONTEMPORÁNEA

CURSO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

14, 15, 21 e 22 de novembro de 2024

Horario: 18:30-20:30 h

DIRECCIÓN: Suso Fandiño

Nun exercicio de arqueoloxía, ao longo do curso *Na orixe das especies*. As outras xenealoxías da arte contemporánea trataremos de desenterrar imaxes e obxectos da cultura popular que a arte converteu en imperecedeiros, a pesar de orixinalmente estaren destinados a seren consumidos rapidamente para desaparecer logo dun primeiro (e a miúdo tamén derradeiro) uso.

Se Darwin no seu día refutou a crenza de que as especies xurdiran espontaneamente e explicou a súa evolución a partir da súa necesidade de adaptación ao medio, nós faremos algo semellante coas manifestacións artísticas. Formularemos unha *extrahistoria da arte*, noutras palabras, unha historia da arte baseada na evolución que debuxan as interferencias entre os e as artistas e o mundo exterior.

A finais do século XIX xurdiron unha chea de avances técnicos, sociais e culturais; unhas innovacións que crearon as condicións para que agromasen moitas das solucións plásticas adoptadas polas vangardas e que aínda hoxe están viventes na práctica artística contemporánea.

A cultura de masas substituíu a arte como protagonista hexemónica na produción de imaxes e, pola primeira vez na historia, os e as artistas do futuro nacen, como o *pintor da vida moderna* retratado por Baudelaire, dentro dun fluxo de imaxes en continuo movemento e enfróntanse ao reto de plasmar un mundo onde priman a fugacidade, o efémero e o continxente.

A nosa andaina discurrirá por estradas secundarias na procura dun camiño posible cara a unha nova vía: unha proposta de indagación que confirme os imparables cambios da sociedade como auténtico motor da renovación dunha linguaxe artística que non deixa de evolucionar.

PROGRAMA

14 novembro *O fugaz, o efémero e o continxente. A imaxe dun mundo en movemento*

15 novembro *Avoir l'apprenti dans le soleil*

21 novembro *O maior espectáculo do mundo*

22 novembro *Sunset Boulevard. No crepúsculo da alta cultura*



En un exercicio de arqueoloxía, a lo largo del curso *En el origen de las especies*. Las otras genealogías del arte contemporáneo trataremos de desenterrar imágenes y objetos de la cultura popular que el arte ha convertido en imperecederos, a pesar de originalmente estar destinados a ser consumidos rápidamente para desaparecer tras un primer (y a menudo también último) uso.

Si Darwin en su día refutó la creencia de que las especies habían surgido espontáneamente y explicó su evolución a partir de su necesidad de adaptación al medio, nosotros haremos algo semejante con las manifestaciones artísticas. Formularemos una *extrahistoria del arte*, en otras palabras, una historia del arte basada en la evolución que dibujan las interferencias entre los y las artistas y el mundo exterior.

A finales del siglo XIX surgieron un montón de avances técnicos, sociales y culturales; unas innovaciones que crearon las condiciones para que aflorasen muchas de las soluciones plásticas adoptadas por las vanguardias y que todavía están vigentes en la práctica artística contemporánea.

La cultura de masas sustituyó al arte como protagonista hegemónica en la producción de imágenes y, por primera vez en la historia, los y las artistas del futuro nacen, como el *pintor de la vida moderna* retratado por Baudelaire, en medio de un flujo de imágenes en continuo movimiento y se enfrentan al reto de plasmar un mundo donde priman la fugacidad, lo efímero y lo contingente.

Nuestra andadura discurrirá por carreteras secundarias en busca de un camino posible hacia una nueva vía: una propuesta de indagación que confirme los imparables cambios de la sociedad como auténtico motor de la renovación de un lenguaje artístico que no deja de evolucionar.

PROGRAMA

14 noviembre *Lo fugaz, lo efímero y lo contingente. La imagen de un mundo en movimiento*

15 noviembre *Avoir l'apprenti dans le soleil*

21 noviembre *El mayor espectáculo del mundo*

22 noviembre *Sunset Boulevard. En el crepúsculo de la alta cultura*

SUSO FANDIÑO (Santiago de Compostela, 1971) é un artista e teórico galego vinculado á arte conceptual desde unha perspectiva multidisciplinaria.

Licenciado e doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo e en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve un amplo labor como docente, investigador e divulgador da arte contemporánea nos centros e institucións máis importantes de Galicia.

Inicia a súa traxectoria artística co cambio de século, integrándose na nova xeración de artistas que protagonizaron o cambio de dirección da arte galega a partir da segunda década dos noventa, tras a creación do CGAC, a Facultade de Belas Artes de Pontevedra e as grandes institucións museísticas do Estado español. Participou en numerosas exposicións tanto nacionais coma internacionais, entre as que destacan as individuais *Wunderkammer* (CGAC, Santiago de Compostela, 2022) e *History of the Future* (Appleton Square, Lisboa, 2024). A súa obra foi premiada en múltiples ocasións e forma parte de coleccións públicas e privadas como a Fundación Pedro Barrié de la Maza, Afundación Obra Social Abanca, a Fundación Coca-Cola España, a Jan Michalski Foundation ou a Colección CGAC. A súa obra *O CGAC está aquí* (2023), concibida expresamente con motivo do 30.º aniversario do CGAC, pódese ver actualmente na fachada do museo.

SUSO FANDIÑO (Santiago de Compostela, 1971) es un artista y teórico gallego vinculado al arte conceptual desde una perspectiva multidisciplinar.

Licenciado y doctor en Bellas Artes por la Universidad de Vigo y en Historia del Arte por la Universidad de Santiago de Compostela, desarrolla una amplia labor como docente, investigador y divulgador del arte contemporáneo en los centros e instituciones más importantes de Galicia.

Inicia su trayectoria artística con el cambio de siglo, integrándose en la nueva generación de artistas que protagonizaron el cambio de dirección del arte gallega a partir de la segunda década de los noventa, tras la creación del CGAC, la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra y las grandes instituciones museísticas del Estado español. Participó en numerosas exposiciones tanto nacionales como internacionales, entre las que destacan las individuales *Wunderkammer* (CGAC, Santiago de Compostela, 2022) y *History of the Future* (Appleton Square, Lisboa, 2024). Su obra fue premiada en múltiples ocasiones y forma parte de colecciones públicas y personales como la Fundación Pedro Barrié de la Maza, Afundación Obra Social Abanca, la Fundación Coca-Cola España, a Jan Michalski Foundation o la Colección CGAC. Su obra *El CGAC está aquí* (2023), concebida expresamente con motivo del 30.º aniversario del CGAC, se puede ver actualmente en la fachada del museo.

PERSOAS DESTINATARIAS

Profesorado de Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato nas materias de Historia da Arte e Fundamentos Artísticos, estudantes de Belas Artes e Historia de Arte e persoas con inquietudes culturais

INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición estará aberto desde o 23 de outubro ata o 12 de novembro de 2024. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a edu.cgac@gmail.com. Nela deberán indicar os seguintes datos: apelidos, nome, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición. Unha vez aceptada a solicitude, as persoas inscritas recibirán información sobre como realizar o pagamento.

PRAZAS: 250

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN

O CGAC expediralles un certificado de aproveitamento a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 70 % das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar e Raquel de Ana Rodríguez

PERSONAS DESTINATARIAS

Profesorado de Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato en las materias de Historia del Arte y Fundamentos Artísticos, estudiantes de Bellas Artes e Historia del Arte y personas con inquietudes culturales

INSCRIPCIÓN

El plazo de inscripción estará abierto desde el 23 de octubre hasta el 12 de noviembre de 2024. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a edu.cgac@gmail.com. En él deberán indicar los siguientes datos: apellidos, nombre, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Las plazas se cubrirán por riguroso orden de inscripción. Una vez aceptada la solicitud, las personas inscritas recibirán información sobre cómo realizar el pago.

PLAZAS: 250

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN

El CGAC les expedirá un certificado de aprovechamiento a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 70 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar y Raquel de Ana Rodríguez



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal